

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11346 *Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

O traballo marítimo e pesqueiro está caracterizado por unha serie de notas diferenciadoras que se apartan, substancialmente, daquelas que definen e propician a aplicación de mecanismos protectores a outros colectivos profesionais: o espazo físico en que se leva a cabo a actividade, a dureza das condicións de vida a bordo, o prolongado illamento das tripulacións, o afastamento do fogar familiar, as elevadas taxas de morbilidade e sinistralidade, etc., así como o carácter estacional do traballo e a existencia dunha retribución á parte.

Con base no anterior, o lexislador tomou en consideración o carácter especial da actividade marítimo-pesqueira e outorgoulle o devandito cualificativo, co fin da adecuada aplicación dos beneficios da Seguridade Social. Así, a Lei 193/1963, do 28 de decembro, sobre bases da Seguridade Social, no número 11 da súa base terceira, previu, como un dos réximes especiais que deben ser regulados especificamente, o dos traballadores do mar.

Posteriormente, o texto articulado primeiro da referida Lei sobre bases da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 907/1966, do 21 de abril, recolle no seu artigo 10.2, entre os réximes especiais da Seguridade Social, o dos traballadores do mar. No número 4 establece que se rexerá polas leis específicas que se diten para o efecto, e que se debe tender, na súa regulación, á homoxeneidade co réxime xeral.

En cumprimento do dito mandato, a Lei 116/1969, do 30 de decembro, regulou o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Posteriormente, mediante Decreto 2864/1974, do 30 agosto, apróbase o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, coa finalidade fundamental de lograr para as persoas traballadoras do mar un grao de protección social similar ao das persoas traballadoras doutros sectores.

As circunstancias sinaladas do traballo no mar, xunto con outras como poden ser a extraterritorialidade do traballo marítimo, a dispersión do colectivo, a estacionalidade das campañas, o carácter hostil e imprevisible do medio onde se desenvolve a actividade, etc., conforman, ademais, un marco laboral no cal, xunto coas prestacións da Seguridade Social, se fai precisa a definición e posta en marcha de programas específicos para o sector marítimo-pesqueiro, no marco dun modelo de protección diferenciado polo seu carácter específico e integral.

Esta protección social integral das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro préstao un único organismo, o Instituto Social da Mariña, que leva a cabo unha dobre misión dirixida a estas persoas traballadoras: é o organismo encargado da protección e problemática social do sector marítimo-pesqueiro e actúa como entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Así, o artigo primeiro da Lei do 18 de outubro de 1941, pola que se reorganiza o Instituto Social da Mariña, establece que a finalidade esencial deste organismo é atender coa máxima solicitude as persoas traballadoras do mar, favorecendo o seu melloramento moral, profesional e económico-social.

O propio texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, no seu artigo 44, regula determinados servizos sociais dirixidos ás persoas traballadoras do mar e que se incardinarian nesta protección social integral delas, como poden ser o emprego e a acción formativa, os recoñecementos médicos diarios, as hospedaría, etc., que, nese momento, se consideraban incluídos dentro dun concepto amplo de seguridade social.

Por outra banda, o Instituto Social da Mariña veu asumindo, na súa calidade de organismo encargado da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, determinadas competencias e funcións dirixidas ao melloramento profesional e económico-social destas persoas traballadoras, que viñeron impostas pola ratificación, por parte de España, de determinados convenios da Organización Internacional do Traballo, así como pola aplicación de normativa específica do sector marítimo.

Esta protección social máis específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, que excede a propia Seguridade Social e que abarca non só as persoas traballadoras que desenvolven a súa actividade no dito sector senón tamén as que pretenden acceder a el, non tivo nunca un marco xurídico uniforme, como si ocorreu coa regulación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, contida no texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño.

II

Ata este momento foron varias as disposicións con rango legal que alteraron o contido do texto aprobado en 1974, co fin de dar nova redacción aos diferentes artigos, engadir algún novo ou proceder á súa derogación nos casos en que así se fixo preciso. Todo isto co obxectivo de adecuar a norma á realidade existente en cada momento.

Por outra banda, as modificacións lexislativas operadas sobre o texto refundido da Lei xeral da seguridade social incidiron, así mesmo, sobre o contido do texto de 1974. Respecto diso, cabe destacar a modificación da concepción dos servizos sociais que forman parte da acción protectora da Seguridade Social operada polo Real decreto lei 36/1978, do 16 de novembro, sobre xestión institucional da Seguridade Social, a saúde e o emprego, quedando fóra dela prestacións e servizos que presta o Instituto Social da Mariña, como os correspondentes á acción formativa, medicina preventiva, etc.

Parece, polo tanto, que chegou o momento de dar un paso máis neste proceso de adecuación normativa e proceder á reelaboración dun novo texto legal que regule tanto o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar como o resto de prestacións e servizos xestionados polo Instituto Social da Mariña como entidade encargada da protección e problemática social do sector marítimo-pesqueiro.

Son varias as razóns que aconsellan acometer esta actuación institucional: a obsolescencia do vixente texto regulador do réxime especial, a xa referida profusión normativa ditada con posterioridade á entrada en vigor do texto refundido de 1974, a complexidade do réxime especial, especialmente apreciable en materias como o campo de aplicación, a cotización e a acción protectora, con especial atención á prestación de xubilación, a coexistencia nun mesmo réxime da Seguridade Social de persoas traballadoras por conta allea e de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, aos cales hai que engadir, polo tanto, a figura da persoa traballadora asimilada, que engaden unha maior complexidade, se cabe, á definición da persoa traballadora do mar para efectos protectores, así como a inexistencia dunha norma con rango legal que regule as prestacións e servizos dirixidos ás persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro e que van máis aló das prestacións da Seguridade Social.

Así mesmo, a cantidade e variedade das normas regulamentarias ditadas en execución e desenvolvemento do vixente texto refundido exixen unha actualización do seu contido, co fin de manter o principio de congruencia normativa e a necesidade de adecuar a

normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e das distintas prestacións non incluídas no sistema da Seguridade Social á realidade social e económica do sector marítimo-pesqueiro.

Por outra banda, neste novo texto preténdese clarificar e definir o campo de aplicación do réxime especial, fundamentalmente no que se refire a determinados colectivos en que se producen importantes incidencias en canto ao seu encadramento.

Finalmente, é preciso sinalar que a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA), no seu informe aprobado polo Consello de Ministros o pasado 21 de xuño de 2013, expuxo a necesidade de abordar un «Plan de racionalización normativa» que, no ámbito da Administración do Estado, afecta practicamente todos os ministerios.

Así mesmo, cómpre ter en conta o mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, segundo o cal a Administración xeral do Estado acometerá unha revisión, simplificación e, de ser o caso, unha consolidación normativa do seu ordenamento xurídico, para o cal deberá derrogar as normas que quedaron obsoletas e determinar a necesidade de introducir modificacións, novidades ou propor a elaboración dun texto refundido.

Isto fai aínda máis oportuno, se cabe, abordar sen máis dilación a tarefa de reelaboración dun novo texto legal que regule a protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

III

A lei estrutúrase nun título preliminar e tres títulos.

O título I da lei regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Os principais obxectivos perseguidos pola lei para a regulación deste réxime especial son os de definir o campo de aplicación, regulado no capítulo I, atendendo ás peticións realizadas polo sector, á doutrina xurisprudencial, aos cambios operados na forma de organización do sector e á propia evolución do citado sector marítimo-pesqueiro.

En primeiro lugar, séguense mantendo no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar aquelas persoas traballadoras que realizan unha actividade marítimo-pesqueira a bordo, enroladas como técnicos ou tripulantes, pero inclúense como novidade determinados colectivos que, mesmo non desenvolvendo unha actividade laboral que teña estritamente a dita natureza, se considera que deben ser protexidos polo citado réxime especial ao realizaren esta a bordo dunha embarcación, como é o persoal de investigación, observadores de pesca e persoal de seguridade.

Por outra banda, inclúese por primeira vez o termo acuicultura co obxecto de agrupar baixo a dita denominación diversas actividades encadradas no réxime especial, e quedan excluídas dela as persoas traballadoras que presten servizos en empresas dedicadas á acuicultura en zona terrestre. Así mesmo, inclúense os mergulladores profesionais, que ata agora só se incluían no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar cando realizaban os seus servizos nunha empresa marítimo-pesqueira, excluídos os recreativos.

No que respecta aos estibadores portuarios, e ante a gran problemática xurdida nos últimos anos en canto á petición de inclusión de persoas traballadoras neste réxime especial como tales estibadores cando non realizan actividades de estiba portuaria, inclúese unha definición do estibador portuario, configurándoo como aquel que realiza as actividades que integran o servizo portuario de manipulación de mercadorías relacionadas no artigo 130 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011.

Séguense incluíndo os traballos de carácter administrativo, técnico ou subalterno das empresas marítimo-pesqueiras e das confrarías de pescadores e outras organizacións do sector e incorpóranse, como novidade, os traballos administrativos de empresas estibadoras e entidades de posta á disposición de persoas traballadoras ás ditas empresas sempre que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito portuario, equiparando o seu tratamento ao daquelas. Na inclusión que se leva a cabo diferénciase

claramente o traballo administrativo destas empresas do traballo desenvolvido polo estibador, de maneira que o primeiro non comporta a aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación que si se aplican ao segundo.

Así mesmo, configurouse o réxime especial con dous grandes colectivos, as persoas traballadoras por conta allea e as persoas traballadoras por conta propia, suprimindo fórmulas xurídicas ficticias que, aínda que nun momento dado serviron para regular determinados colectivos, na actualidade non é necesario manter, como é o caso dos armadores asimilados a persoas traballadoras por conta allea.

Así, no artigo 4 defínense as persoas traballadoras por conta propia e mantéñense como autónomos aqueles que viñan definidos como tales no texto refundido de 1974; inclúese un novo colectivo de autónomos dedicados á mariña mercante que, ata agora, quedaban encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos. Tamén se inclúen os autónomos dedicados á acuicultura e os mergulladores profesionais, excluídos os recreativos.

Suprímese o colectivo de persoas traballadoras asimiladas a persoas traballadoras por conta allea, regulado no artigo 4 do texto refundido de 1974, xa que se considera que son persoas traballadoras por conta propia coa única particularidade de que van embarcadas.

Neste réxime especial, as embarcacións son consideradas como centros de traballo polo que debe existir unha conexión ou vinculación entre o rexistro de embarcacións que xestiona o Instituto Social da Mariña e o Rexistro de Buques de Mariña Mercante, coordinación que se recolle na lei incorporándose a obrigatoriedade de que as embarcacións nacionais figuren inscritas no Rexistro de Buques de Mariña Mercante con carácter previo á inscrición da embarcación no Instituto Social da Mariña.

Tamén se prevé a posibilidade de inscribir embarcacións estranxeiras no rexistro do Instituto Social da Mariña no caso de que os tripulantes deban quedar encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

No capítulo III, relativo á cotización, mantense a peculiaridade en canto á determinación das bases de cotización no caso de persoas traballadoras retribuídas á parte e en congruencia coa incorporación de novos colectivos de persoas traballadoras autónomas e da supresión dos armadores asimilados a traballadores por conta allea, inclúense nos tres grupos de cotización existentes tanto persoas traballadoras por conta allea como persoas traballadoras por conta propia, e mantéñense as peculiaridades en canto á aplicación de coeficientes correctores da cotización exclusivamente para os grupos segundo e terceiro.

Así mesmo, inclúese como novidade a incompatibilidade de aplicar os coeficientes correctores da cotización xunto con calquera outra redución ou bonificación na cotización, salvo que expresamente se dispoña o contrario.

Por último, téñense en conta soamente, en relación coas prestacións reguladas no capítulo IV, as especialidades que corresponden a este réxime especial, e remítese para todo o demais á normativa xeral da Seguridade Social, coa finalidade de conseguir un texto manexable e simplificado, evitando duplicidades na regulación.

O título II da lei regula a protección social específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro que non teñen a consideración de prestacións de Seguridade Social.

No capítulo I establécese quen son os beneficiarios desta protección social específica, é dicir, aquelas persoas que desenvolven ou queren desenvolver unha actividade laboral no sector marítimo-pesqueiro. Polo tanto, inclúense como beneficiarias non só aquelas persoas traballadoras que desenvolven a súa actividade no dito sector e que, polo tanto, quedan encadradas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, senón tamén aquelas que se queren incorporar ao sector marítimo-pesqueiro e que, para iso, deben recibir a correspondente formación marítima ou obter o recoñecemento médico exixido para embarcarse.

No capítulo II regúlense as prestacións e os servizos dirixidos ás persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro que constitúen esa protección social específica.

Aquí inclúense todas as prestacións de sanidade marítima. As actuacións en sanidade marítima baséanse en que a concepción da saúde no medio marítimo obriga a pór en

marcha mecanismos sanitarios preventivos, complementarios dos asistenciais, de forma integral e planificada, que traten de minimizar desde o punto de vista sanitario aqueles factores morbixenos que determinan a singularidade propia deste sector marítimo-pesqueiro, en concreto a distancia dos centros sanitarios, o traballo en plataformas móbiles, a exposición a un ambiente natural impredecible e o illamento social e familiar. Comprende, polo tanto, os recoñecementos médicos de embarque marítimo que, ademais de garantir que a persoa traballadora acceda ao buque nas mellores condicións posibles, permiten e representan desde o punto de vista sanitario un importante achegamento de datos que son o punto de partida para coñecer o estado de saúde da poboación do sector marítimo-pesqueiro e, finalmente, constitúen un importante apoio ante a eventualidade de que a persoa traballadora precise unha asistencia médica a bordo desde as distintas unidades asistenciais que se sinalan no artigo 21.2.a); así mesmo, a inspección das condicións sanitarias das embarcacións, tendo en conta que as condicións de vida e de traballo a bordo poden ser determinantes de certas enfermidades ou predispor ao risco de accidentes laborais, polo que o dito control constitúe un labor de capital importancia na función preventiva do accidente e da enfermidade; o control dos equipamentos de primeiros auxilios e a protección, promoción e mellora da saúde laboral.

Por outra banda, inclúense os servizos asistenciais para o sostemento e a repatriación en casos de abandono, naufraxio ou feitos análogos.

Por último, prevese a formación profesional marítima e sanitaria dirixida a atender as demandas e necesidades formativas das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

O título III recolle unha serie de disposicións sobre a xestión levada a cabo polo Instituto Social da Mariña como entidade encargada da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o seu réxime económico e financeiro.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Normativa reguladora.*

O réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar regularase pola presente lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, así como polas normas de xeral aplicación no sistema da Seguridade Social.

A protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro complementase coas demais disposicións contidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

TÍTULO I

Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar

CAPÍTULO I

Campo de aplicación

Artigo 2. *Extensión do campo de aplicación.*

Quedarán encadradas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar as persoas traballadoras ou asimiladas que, cumprindo os requisitos para estaren comprendidas no sistema da Seguridade Social, recollidos no artigo 7 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, exerzan a súa actividade en territorio nacional, coas excepcións recollidas no artigo 6 desta lei, e se encontren incluídas nalgún dos supostos previstos neste capítulo.

Artigo 3. *Traballadores por conta allea.*

Quedarán comprendidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar as seguintes persoas traballadoras por conta allea:

a) Persoas traballadoras que exerzan a súa actividade marítimo-pesqueira a bordo das embarcacións, buques ou plataformas seguintes, e figuren no seu rol como técnicos ou tripulantes:

- 1.º De mariña mercante.
- 2.º De pesca marítima en calquera das súas modalidades.
- 3.º De tráfico interior de portos.
- 4.º Deportivas e de recreo.
- 5.º Plataformas fixas ou artefactos ou instalacións susceptibles de realizar operacións de exploración ou explotación de recursos mariños, sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel.

Non terán a consideración de tales instalacións os oleodutos, gasodutos, cables submarinos, emisarios submarinos e calquera outro tipo de tubaxes ou instalacións de carácter industrial ou de saneamento.

b) Persoas traballadoras que exerzan a súa actividade a bordo de embarcacións ou buques de mariña mercante ou pesca marítima, enroladas como persoal de investigación, observadores de pesca e persoal de seguridade.

c) Persoas traballadoras dedicadas á extracción de produtos do mar.

d) Persoas traballadoras dedicadas á acuicultura desenvolvida na zona marítima e marítimo-terrestre, incluíndo a acuicultura en area e en lámina de auga, tales como bancos cultivados, parques de cultivos, bateas e gaiolas.

Quedan expresamente excluídas as persoas traballadoras por conta allea que presten os seus servizos para empresas dedicadas á acuicultura na zona terrestre, como criadeiros, granxas mariñas e centros de investigación de cultivos mariños. Así mesmo, exclúense as persoas traballadoras dedicadas á acuicultura en auga doce.

e) Mergulladores extractores de recursos mariños.

f) Mergulladores con titulación profesional en actividades industriais, incluíndo a actividade docente para a obtención da dita titulación.

Quedan excluídos os mergulladores con titulacións deportivo-recreativas.

g) Redeiros e redeiras.

h) Estibadores portuarios.

Para os efectos do seu encadramento neste réxime especial só se considerarán como estibadores portuarios, con independencia da natureza especial ou común da súa relación laboral, aqueles que desenvolvan directamente as actividades de carga, estiba, desestiba, descarga e transbordo de mercadorías, obxecto de tráfico marítimo, que permitan a súa transferencia entre buques, ou entre estes e terra ou outros medios de transporte, que integran o servizo portuario de manipulación de mercadorías relacionadas no artigo 130 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, e independentemente do carácter estatal ou autonómico do porto.

En todo caso, os ditos estibadores portuarios deberán desenvolver as actividades sinaladas no parágrafo anterior como persoal dunha empresa titular da correspondente licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou de autoprestación, así como das entidades de posta á disposición de persoas traballadoras ás ditas empresas.

i) Prácticos de porto.

j) Persoas traballadoras que desenvolvan actividades de carácter administrativo, técnico e subalterno en empresas marítimo-pesqueiras e de estiba portuaria, así como nas entidades de posta á disposición de persoas traballadoras a empresas titulares de licenzas do servizo portuario de manipulación de mercadorías, coa condición de que desenvolvan a súa actividade exclusivamente no ámbito portuario, independentemente do carácter estatal ou autonómico do porto.

Tamén estarán incluídas as persoas traballadoras que desenvolvan as ditas actividades ao servizo das confrarías de pescadores e das súas federacións, das cooperativas do mar e das organizacións sindicais do sector marítimo-pesqueiro e asociacións de armadores.

Para os efectos do encadramento neste réxime especial das persoas traballadoras de empresas de estiba portuaria, a empresa deberá ser titular da correspondente licenza do servizo portuario de manipulación de mercadorías ou licenza de autoprestación, independentemente do carácter estatal ou autonómico do porto.

k) Calquera outro colectivo de persoas traballadoras que desenvolva unha actividade marítimo-pesqueira e cuxa inclusión neste réxime sexa determinada polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Artigo 4. *Traballadores por conta propia.*

1. Quedarán comprendidos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, como traballadores por conta propia ou autónomos, aqueles que realicen de forma habitual, persoal e directa, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa e a título lucrativo, algunha das seguintes actividades:

a) Actividades marítimo-pesqueiras a bordo das embarcacións ou buques que se relacionan a continuación; tales persoas traballadoras ou armadores figurarán nos seus roles como técnicos ou tripulantes:

- 1.º De mariña mercante.
- 2.º De pesca marítima en calquera das súas modalidades.
- 3.º De tráfico interior de portos.
- 4.º Deportivas e de recreo.

b) Acuicultura desenvolvida en zona marítima ou marítimo-terrestre.
c) Os mariscadores, percebeiros, recolletores de algas e análogos.
d) Mergulladores extractores de recursos mariños.
e) Mergulladores con titulación profesional en actividades industriais, incluíndo a actividade docente para a obtención da dita titulación.

Quedan excluídos os mergulladores con titulacións deportivo-recreativas.

- f) Redeiros e redeiras.
- g) Prácticos de porto.

2. Terán a consideración de familiares colaboradores da persoa traballadora por conta propia e, polo tanto, estarán incluídas como persoas traballadoras por conta propia no réxime especial, o cónxuxe e os parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao incluído, de calquera das persoas traballadoras por conta propia a que se refire este artigo, que traballen con elas nas súas explotacións de forma habitual, convivan co cabeza de familia e dependan economicamente del, salvo que se demostre a súa condición de asalariados.

Non obstante o anterior, para ser considerado como familiar colaborador nos grupos segundo e terceiro de cotización a que se refire o artigo 10, será requisito imprescindible que realice idéntica actividade que o titular da explotación.

Artigo 5. *Asimilados a persoas traballadoras por conta allea.*

1. Asimilaranse a persoas traballadoras por conta allea, con exclusión da protección por desemprego e do Fondo de Garantía Salarial, os conselleiros e administradores de sociedades mercantís capitalistas, sempre que non posúan o control destas nos termos establecidos no número 1 da disposición adicional vixésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, cando o desempeño do seu cargo comporte a realización das funcións de dirección e xerencia da sociedade, e serán retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras por conta dela.

2. Así mesmo, asimílaranse a persoas traballadoras por conta allea os prácticos de porto que, para a realización da súa actividade de pilotaxe, se constitúan en empresas titulares de licenza do servizo portuario de pilotaxe nun porto, con excepción do dereito ás prestacións por desemprego e Fondo de Garantía Salarial, das cales quedan excluídos. As ditas entidades terán a consideración de empresarios para efectos deste réxime especial respecto dos prácticos de porto incluídos nelas e do resto do persoal ao seu servizo.

Artigo 6. *Excepción ao principio de territorialidade.*

1. Estarán incluídas no ámbito de aplicación deste réxime especial aquelas persoas traballadoras residentes en territorio español que, aínda que exerzan unha actividade por conta allea a bordo dun buque que enarbore pavillón dun Estado membro da Unión Europea ou pavillón dun Estado co cal España asinase un convenio bilateral ou multilateral de seguridade social en que se recolla a excepción ao principio de territorialidade, sexan remuneradas por unha empresa ou unha persoa que teña a súa sede ou o seu domicilio en España.

2. Tamén estarán comprendidas neste réxime especial as persoas traballadoras residentes en territorio español que traballen en sociedades mixtas e empresas radicadas inscritas no rexistro oficial, sen prexuízo do que poida resultar dos tratados internacionais bilaterais ou multilaterais subscritos por España.

CAPÍTULO II

Inscripción de empresas e afiliación de persoas traballadoras

Artigo 7. *Inscripción de empresas e afiliación de persoas traballadoras.*

En materia de inscrición de empresas e afiliación de persoas traballadoras observarase o disposto con carácter xeral no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento, coas particularidades seguintes:

a) As embarcacións, plataformas fixas, artefactos e instalacións mariñas nas cales as persoas traballadoras incluídas no campo de aplicación deste réxime especial desenvolvan as súas actividades marítimo-pesqueiras deberán inscribirse no Rexistro de Embarcacións que para ese efecto levará a entidade xestora.

Para a inscrición no Rexistro de Embarcacións será requisito necesario a xustificación de ser inscrita e identificada a embarcación no correspondente rexistro, ordinario ou especial, de buques de titularidade do Ministerio de Fomento.

Inscribiranse, así mesmo, no Rexistro de Embarcacións os buques estranxeiros nos cales, en virtude do disposto no artigo 6, presten os seus servizos persoas traballadoras que deban quedar incluídas no ámbito de aplicación deste réxime especial.

b) As altas solicitadas fóra do prazo regulamentario pola persoa traballadora por conta propia non terán ningún efecto retroactivo.

c) As persoas traballadoras por conta propia incluídas no grupo terceiro de cotización regulado no artigo 10 desta lei estarán obrigadas a concertar coa entidade xestora a protección das contingencias comúns e terán a obriga de cotizar pola contingencia de formación profesional.

CAPÍTULO III

Cotización e recadación

Artigo 8. *Cotización.*

No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar o nacemento, a duración e a extinción da obriga de cotizar, as súas operacións de liquidación, o período, a forma, o lugar e o prazo para a súa presentación, así como a súa comprobación e control

rexeranse polo disposto con carácter xeral no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento, que establecerá as peculiaridades deste réxime especial.

Artigo 9. *Bases de cotización.*

1. A cotización para todas as continxencias e situacións protexidas neste réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar efectuarase tendo como base as remuneracións efectivamente percibidas, computadas segundo as regras establecidas para a cotización ao réxime xeral da Seguridade Social e con suxeición aos límites absolutos, mínimo e máximo, e aos relativos das bases mínimas e máximas aplicables a cada grupo de categorías profesionais, nos termos establecidos pola normativa reguladora, sen outras particularidades que as seguintes:

a) Para a determinación das bases de cotización para todas as continxencias e situacións protexidas por este réxime especial, respecto das persoas traballadoras incluídas nos grupos segundo e terceiro dos grupos de cotización a que se refire o artigo 10 desta lei, consideraranse retribucións efectivamente percibidas as determinadas anualmente por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións sindicais e empresariais representativas, as confrarías de pescadores e as organizacións de produtores pesqueiros.

Esta determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais sobre a base dos valores medios das remuneracións percibidas no ano precedente e polo procedemento que estableza o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

b) As bases de cotización determinadas conforme o disposto no punto anterior respecto das persoas traballadoras incluídas nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 serán únicas. No entanto, as ditas bases non poderán ser inferiores ás bases mínimas establecidas en cada exercicio para as distintas categorías profesionais no réxime xeral da Seguridade Social.

c) En todo caso, para a determinación das bases de cotización por continxencias comúns respecto das empresas e persoas traballadoras incluídas nos grupos segundo e terceiro dos grupos de cotización establecidos no artigo 10, ás cantidades resultantes conforme as normas establecidas nos parágrafos precedentes deste artigo aplicaranse os coeficientes correctores establecidos no artigo 11.

2. Os empresarios do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar deberán comunicar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, en cada período de liquidación, o importe dos conceptos retributivos aboados ás súas persoas traballadoras, con independencia da súa inclusión ou non na base de cotización á Seguridade Social e aínda que resulten de aplicación bases únicas.

Artigo 10. *Clasificación de persoas traballadoras.*

1. As persoas traballadoras comprendidas neste réxime especial da Seguridade Social clasifícanse, para efectos de cotización, en tres grupos:

a) No primeiro grupo incluíranse:

1.º As persoas traballadoras por conta allea ou asimiladas retribuídas a salario que realicen algunha das actividades enumeradas no artigo 3.

2.º As persoas traballadoras por conta propia que realicen algunha das actividades enumeradas no artigo 4 salvo que proceda a súa inclusión noutro grupo.

3.º As persoas traballadoras por conta allea ou asimiladas e as persoas traballadoras por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións de máis de 150 toneladas de rexistro bruto (TRB).

b) No segundo grupo, que se subdivide pola súa vez en dous, incluíranse:

1.º Grupo segundo A:

As persoas traballadoras por conta allea e por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións comprendidas entre 50,01 e 150 TRB, enrolados nelas como técnicos ou tripulantes.

2.º Grupo segundo B:

As persoas traballadoras por conta allea e por conta propia ou armadores, retribuídos á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións comprendidas entre 10,01 e 50 TRB, enrolados nelas como técnicos ou tripulantes.

c) No grupo terceiro incluíranse:

1.º As persoas traballadoras por conta allea retribuídas á parte, que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións que non excedan os 10 TRB, enroladas nelas como técnicos ou tripulantes.

2.º As persoas traballadoras por conta propia como mariscadores, percebeiros, recolletores de algas e análogos, mergulladores extractores de recursos mariños, redeiros e redeiras e armadores que exerzan a súa actividade pesqueira a bordo de embarcacións de ata 10 TRB, e estean enrolados nelas como técnicos ou tripulantes.

2. Para estar incluído no grupo segundo ou terceiro como persoa traballadora por conta propia, os ingresos obtidos de tales actividades deberán constituír o seu medio fundamental de vida, mesmo cando con carácter ocasional ou permanente realicen outros traballos non especificamente marítimo-pesqueiros determinantes ou non da súa inclusión en calquera outro dos réximes do sistema da Seguridade Social.

3. O sistema de retribución adoptado, a salario ou á parte, vinculará por igual todos os membros da tripulación, incluído o armador.

Artigo 11. *Coefficientes correctores.*

1. Ás empresas e persoas traballadoras que resulten incluídas nos grupos segundo e terceiro do número 1 do artigo anterior poderánselles aplicar, para efectos de cotización, os coeficientes correctores seguintes:

a) Ao grupo segundo de cotización seranlle de aplicación uns coeficientes correctores de dous terzos e dun medio, segundo se encontren incluídos no grupo segundo A ou segundo B.

b) Ao grupo terceiro de cotización seralle de aplicación un coeficiente corrector dun terzo.

2. Os coeficientes correctores aplicaranse á base de cotización por continxencias comúns, desemprego e cesamento de actividade.

3. As bases reguladoras das prestacións económicas causadas por persoas traballadoras incluídas nos grupos segundo e terceiro calcularanse sobre a totalidade da base de cotización, sen aplicación dos coeficientes correctores.

4. Ao grupo primeiro de cotización non lle serán de aplicación os coeficientes correctores da cotización.

5. A aplicación dos coeficientes correctores será incompatible con calquera outra redución ou bonificación na cotización, salvo que expresamente se dispoña o contrario.

Artigo 12. *Recadación.*

1. No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar a xestión recadatoria rexeráse polo disposto con carácter xeral no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O Instituto Social da Mariña colaborará coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social no desempeño da función recadatoria no ámbito do referido réxime especial da Seguridade Social.

CAPÍTULO IV

Acción protectora

Artigo 13. *Continxencias protexidas.*

1. O réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar cobre as continxencias e as prestacións que se determinan nesta lei.

2. As continxencias protexidas nesta lei defínense segundo o establecido no réxime xeral da Seguridade Social en relación coas persoas traballadoras por conta allea e segundo o establecido no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos en relación coas persoas traballadoras por conta propia.

Artigo 14. *Prestacións.*

1. Ás persoas traballadoras comprendidas no campo de aplicación deste réxime especial e, de ser o caso, aos seus familiares ou asimilados, concederáselles, na extensión, termos e condicións que se establecen na presente lei e nas disposicións regulamentarias que lles sexan de aplicación, as prestacións seguintes:

a) Asistencia sanitaria nos casos de maternidade, enfermidade común ou profesional e de accidentes, sexan ou non de traballo, tanto en territorio nacional como a bordo e/ou no estranxeiro.

b) Recuperación profesional, cuxa procedencia se aprecie en calquera dos casos que se mencionan no punto anterior.

c) Prestación económica por incapacidade temporal.

d) Prestación económica por maternidade.

e) Prestación económica por paternidade.

f) Prestación económica por risco durante o embarazo.

g) Prestación económica por risco durante a lactación natural.

h) Prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

i) Prestación económica por incapacidade permanente.

j) Prestación económica por xubilación.

k) Prestacións económicas por morte e supervivencia.

l) Prestacións familiares.

m) Prestacións por desemprego nos seus niveis contributivo e asistencial.

n) Prestacións por cesamento de actividade.

ñ) Prestacións asistenciais e servizos sociais en atención a continxencias e situacións especiais derivadas do traballo no mar.

o) As prestacións por servizos sociais que se poidan establecer en materia de formación e rehabilitación de persoas con discapacidade e de asistencia ás persoas maiores, así como naquelas materias en que se considere conveniente.

2. Igualmente, e como complemento das prestacións comprendidas no punto anterior, poderanse outorgar os beneficios da asistencia social.

Artigo 15. *Mellora voluntaria das prestacións.*

A acción protectora deste réxime especial poderá ser mellorada voluntariamente nos termos previstos no réxime xeral da Seguridade Social e demais réximes especiais.

Artigo 16. *Revalorización de pensións.*

As pensións recoñecidas polo réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, calquera que sexa a continxencia que as determinou, serán incrementadas ao comezo de cada ano, de acordo co disposto nesta materia no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 17. *Caracteres das prestacións.*

1. As prestacións do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, así como os beneficios dos seus servizos sociais e da asistencia social, non poderán ser obxecto de retención, sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo, cesión total ou parcial, compensación ou desconto, salvo nos seguintes supostos:

- a) Para o cumprimento de obrigas alimenticias a favor do cónxuxe e fillos.
- b) Cando se trate de obrigas contraídas polo beneficiario dentro do ámbito da Seguridade Social.

En materia de embargo observarase o disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

2. As percepcións derivadas da acción protectora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar estarán suxeitas a tributación nos termos e condicións establecidos nas normas reguladoras de cada imposto.

3. Non poderá ser exixida ningunha taxa fiscal nin dereito de ningunha clase en cantas informacións ou certificacións deban facilitar os correspondentes organismos da Administración da Seguridade Social e os órganos administrativos, xudiciais ou de calquera outra orde, en relación coas prestacións e beneficios a que se refire o número 1 deste artigo.

Artigo 18. *Incompatibilidade de pensións.*

1. As pensións deste réxime especial serán incompatibles entre si cando coincidan nun mesmo beneficiario, a non ser que se dispoña o contrario legal ou regulamentariamente. En caso de incompatibilidade, quen poida ter dereito a dúas ou máis pensións optará por unha delas.

2. O réxime de incompatibilidades establecido no punto anterior será tamén aplicable á indemnización a tanto global prevista no número 2 do artigo 139 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social como prestación substitutiva da pensión de incapacidade permanente, no seu grao de total.

Artigo 19. *Cómputo de períodos de cotización a distintos réximes de Seguridade Social.*

1. Cando unha persoa traballadora teña acreditados sucesiva ou alternativamente períodos de cotización ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e a outro ou outros réximes da Seguridade Social, os devanditos períodos ou os que sexan asimilados a eles, que se cumpriron en virtude das normas que os regulan, poderán ser totalizados, sempre que non se superpoñan, para a adquisición do dereito ás prestacións.

2. En ningún caso se poderá aplicar o cómputo recíproco de cotizacións por cesamento de actividade entre réximes, así como o cómputo recíproco de cotizacións por cesamento de actividade e por desemprego.

Artigo 20. *Condicións do dereito ás prestacións.*

1. As persoas incluídas no campo de aplicación deste réxime especial causarán dereito ás súas prestacións cando, ademais dos particulares exixidos para a respectiva prestación, reúnan o requisito xeral de estar afiliadas e en alta neste réxime ou en situación asimilada á alta, ao sobrevir a continxencia ou situación protexida, salvo disposición legal expresa en contrario.

2. Nas prestacións cuxa concesión ou contía estea subordinada, ademais, ao cumprimento de determinados períodos de cotización, soamente serán computables as cotizacións efectivamente realizadas ou as expresamente asimiladas a elas en disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 21. *Asistencia sanitaria.*

1. Terán dereito á asistencia sanitaria con igual extensión e condicións que aquelas que se establecen no réxime xeral:

a) As persoas traballadoras ou asimiladas comprendidas neste réxime especial, nas continxencias de enfermidade común ou profesional, accidente, sexa ou non de traballo, e maternidade.

b) Os pensionistas deste réxime especial, e os que sen tal carácter estean a percibir prestacións periódicas, nos termos que regulamentariamente se determinen.

c) Os familiares ou asimilados que teñan ao seu cargo as persoas mencionadas nos puntos anteriores, na extensión e nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. As persoas traballadoras ou asimiladas comprendidas neste réxime especial, ben estean embarcadas, no estranxeiro ou dentro do territorio nacional, teñen dereito, en todo caso, á asistencia sanitaria, que será prestada polo Instituto Social da Mariña nos seguintes casos:

a) Cando estean a bordo e/ou no estranxeiro, utilizando os seus propios medios tales como o centro radio médico, os buques sanitarios, os centros asistenciais no estranxeiro e outros que se poidan implantar ou acordando a evacuación e repatriación de persoas traballadoras enfermas ou accidentadas, sen prexuízo das obrigas que competen aos empresarios de acordo coa lexislación vixente.

Cando o Instituto Social da Mariña non dispoña de recursos sanitarios no porto estranxeiro en que sexa atendido o enfermo ou accidentado, esta asistencia sanitaria será por conta da empresa para a cal traballe e, posteriormente, a entidade xestora reintegraralles ás empresas inscritas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar o importe dos gastos que lles ocasione a dita asistencia, calquera que sexa a continxencia determinante dela, sempre que estas empresas teñan cuberta tal continxencia coa propia entidade, de acordo coas condicións, conceptos e cantidades que se establezan regulamentariamente.

b) Dentro do territorio nacional, nas cidades de Ceuta e Melilla e naqueles territorios en que as ditas funcións non se traspararon á comunidade autónoma correspondente, incluíndo a asistencia hospitalaria, servizos de especialidades e urxencias.

3. O disposto no número 2.b) deste artigo será tamén aplicable aos pensionistas e perceptores de prestacións periódicas e familiares ou asimilados destes e das persoas traballadoras comprendidas neste réxime especial. No resto do territorio nacional, a asistencia sanitaria será prestada polo servizo público de saúde da comunidade autónoma correspondente.

4. A participación dos beneficiarios no pagamento dos medicamentos realizarase en forma idéntica á do réxime xeral.

Artigo 22. *Recuperación profesional.*

Ás persoas traballadoras incluídas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar poderáselles recoñecer a prestación de recuperación profesional, cuxa procedencia se aprecie en calquera dos casos que se mencionan no artigo anterior, nos termos e condicións en que se estableza regulamentariamente.

Artigo 23. *Incapacidade temporal.*

1. A prestación económica por incapacidade temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral e de accidente de traballo ou enfermidade profesional outorgaráselles ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Para as persoas traballadoras por conta allea incluídas nos grupos segundo e terceiro aos cales se refire o artigo 10, o aboamento da prestación efectuarase na modalidade de pagamento directo pola entidade xestora ou pola mutua colaboradora coa Seguridade Social; a obriga de cotizar manterase mentres non se extinga a relación laboral.

Artigo 24. *Maternidade.*

1. A prestación económica por maternidade outorgaráselles ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Para os efectos da citada prestación, consideraranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento familiar, tanto preadoptivo como permanente ou simple, aínda que os ditos acollementos sexan provisionais, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. Así mesmo, poderán ser beneficiarias dun subsidio por maternidade as traballadoras por conta allea que, en caso de parto, reúnan todos os requisitos establecidos para acceder á prestación por maternidade, salvo o período mínimo de cotización establecido no artigo 133 ter do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 25. *Paternidade.*

1. A prestación económica por paternidade outorgaráselles ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia deste réxime especial nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos no réxime xeral ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Para os efectos da citada prestación consideraranse situacións protexidas o nacemento do fillo, a adopción e o acollemento familiar, tanto preadoptivo como permanente ou simple, aínda que os ditos acollementos sexan provisionais, de conformidade co disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 26. *Risco durante o embarazo.*

1. A prestación económica de risco durante o embarazo outorgaráselles ás traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Para os efectos da citada prestación, considerarase situación protexida, para as traballadoras por conta allea, o período de suspensión do contrato de traballo nos supostos en que, debendo a muller traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, nos termos previstos no artigo 26, números 2 e 3, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o dito cambio de posto non resulte técnica nin obxectivamente posible, ou non se poida razoablemente exixir por motivos xustificadas.

3. Así mesmo, no suposto de traballadoras por conta propia, considerarase situación protexida aquela en que se atopa a traballadora embarazada durante o período de

interrupción da actividade profesional, nos supostos en que o desempeño desta inflúa negativamente na súa saúde ou na do feto e así o certifiquen os servizos médicos da entidade xestora ou da mutua colaboradora coa Seguridade Social competente.

4. Para os efectos desta prestación, non se considera situación protexida a derivada de riscos ou patoloxías que poidan influír negativamente na saúde da traballadora ou na do feto, cando non estea relacionada con axentes, procedementos ou condicións de traballo da actividade desempeñada, determinante da súa inclusión no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Artigo 27. *Risco durante a lactación natural.*

1. A prestación económica de risco durante a lactación natural outorgaráselles ás traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Para os efectos da citada prestación, considerarase situación protexida, no suposto de traballadoras por conta allea, o período de suspensión do contrato de traballo nos supostos en que, debendo a muller traballadora cambiar de posto de traballo por outro compatible coa súa situación, nos termos previstos no artigo 26.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, o dito cambio de posto non resulte técnica ou obxectivamente posible, ou non se poida razoablemente exixir por motivos xustificadas.

3. Así mesmo, no suposto de traballadoras por conta propia, considerarase situación protexida o período de interrupción da actividade profesional durante o período de lactación natural, cando o seu desempeño poida influír negativamente na saúde da muller ou na do fillo e así o certifiquen os servizos médicos da entidade xestora ou mutua colaboradora coa Seguridade Social competente.

4. Para os efectos desta prestación, non se considerará situación protexida a derivada de riscos ou patoloxías que poden influír negativamente na saúde da traballadora ou na do fillo, cando non estea relacionada con axentes, procedementos ou condicións de traballo do posto ou actividade desempeñados.

Artigo 28. *Prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.*

A prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave outorgaráselles ás persoas traballadoras por conta allea e por conta propia do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos que os establecidos na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Artigo 29. *Incapacidade permanente.*

1. A prestación económica por incapacidade permanente outorgada por este réxime especial rexeráse polas normas establecidas para o réxime xeral ou, de ser o caso, o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. Serán beneficiarias da dita prestación, no grao correspondente, as persoas traballadoras por conta allea e por conta propia incluídas neste réxime especial que sexan declaradas en tal situación e que, ademais de reuniren a condición exixida no artigo 20.1 desta lei, cubrisen o período mínimo de cotización exixido no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, salvo que a dita situación derive de accidente, sexa ou non de traballo, ou enfermidade profesional. Nese caso, non se exixirá ningún período previo de cotización.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, as pensións de incapacidade permanente nos graos de incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou grande invalidez, derivadas de contingencias comúns poderanse causar aínda que os interesados

non estean, no momento do feito causante, en alta ou situación asimilada á de alta. Nese caso aplicarase o establecido no parágrafo segundo do artigo 138.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social respecto ao período de cotización.

3. Non procederá o recoñecemento do dereito á prestación de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns cando o beneficiario, na data do feito causante, acade a idade para acceder á xubilación ordinaria con ou sen a aplicación de coeficientes redutores.

Artigo 30. *Xubilación.*

1. A prestación económica de xubilación no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar será única para cada beneficiario e consistirá nunha pensión que lle será recoñecida nas mesmas condicións, contía e forma que a establecida na normativa vixente do réxime xeral ou, de ser o caso, do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

2. A idade para acceder a esta prestación será a establecida no réxime xeral. A dita idade poderá ser rebaixada mediante a aplicación de coeficientes redutores naquelas actividades profesionais de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre en que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como naquelas outras cuxa realización implique unha continua separación do fogar e afastamento familiar. Os coeficientes redutores aplicaranse ao tempo efectivamente realizado en cada unha das actividades. Así mesmo, entenderanse incluídos dentro do tempo efectivamente realizado os períodos de desembarco debidos a enfermidade ou accidente, así como vacacións, permisos ou outras licenzas retribuídas que procedan de conformidade co establecido na lexislación laboral aplicable.

Os citados coeficientes redutores son os establecidos no Real decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Calquera modificación, supresión ou aplicación de novos coeficientes redutores da idade de xubilación deberase axustar ao procedemento establecido no Real decreto 1698/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan o réxime xurídico e o procedemento xeral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social.

3. O período de tempo en que resulte rebaixada a idade de xubilación da persoa traballadora pola aplicación dos coeficientes redutores a que se refire o punto anterior non poderá ser superior a dez anos e computarase como cotizado para o exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable para calcular o importe da pensión, sen que en ningún caso a dita porcentaxe poida ser superior a aquela que se aplicaría de continuar traballando ata a idade ordinaria de xubilación que en cada caso lle correspondería á persoa traballadora.

4. Non procederá a aplicación dos coeficientes redutores de idade cando se acceda á pensión de xubilación desde a situación de non alta.

Artigo 31. *Morte e supervivencia.*

1. No caso de morte, calquera que sexa a súa causa, outorgaranse, segundo os supostos, algunha ou algunhas das seguintes prestacións:

- a) Un auxilio por defunción.
- b) Unha pensión vitalicia de viuvez.
- c) Unha prestación temporal de viuvez.
- d) Unha pensión de orfandade.
- e) Unha pensión vitalicia en favor de familiares ou, de ser o caso, un subsidio temporal.
- f) Unha indemnización especial a tanto global en caso de accidente de traballo ou enfermidade profesional.

2. Respecto das prestacións contidas no punto anterior, aplicaranse as normas previstas no réxime xeral ou, de ser o caso, o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos para cada unha delas.

Artigo 32. *Prestacións familiares.*

1. As persoas traballadoras e pensionistas incluídas neste réxime especial terán dereito a prestacións familiares nas mesmas contías, supostos e condicións que as establecidas na normativa vixente.

2. A xestión, recoñecemento e pagamento das prestacións familiares corresponderalle á entidade xestora que regulamentariamente se determine.

Artigo 33. *Prestacións por desemprego.*

As prestacións por desemprego concederánselles ás persoas traballadoras por conta allea deste réxime especial nos mesmos termos e condicións e cos mesmos requisitos que no réxime xeral, sen prexuízo das disposicións específicas que se poidan aprobar con motivo das peculiaridades do traballo no mar.

Artigo 34. *Prestacións por cesamento de actividade.*

1. As persoas traballadoras por conta propia encadradas neste réxime especial poderán ser beneficiarias das prestacións por cesamento de actividade nos mesmos termos e condicións e cos mesmos requisitos que os previstos para as persoas traballadoras autónomas na Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, salvo que polas especificidades propias do traballo marítimo-pesqueiro sexa necesaria a aplicación de criterios específicos.

2. A solicitude e a xestión da prestación por cesamento de actividade corresponderá á mutua colaboradora coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña, en función de con quen se teña concertada a cobertura das continxencias profesionais.

3. No réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, a base reguladora calcularase sobre a totalidade da base de cotización por esta continxencia, sen aplicación dos coeficientes correctores de cotización.

4. Os períodos de veda obrigatoria aprobados pola autoridade competente non se terán en conta para o cómputo de 12 meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento de actividade, coa condición de que neses períodos de veda non se percibise a prestación por cesamento de actividade.

Artigo 35. *Servizos sociais e asistencia social.*

1. Con independencia das prestacións a que se refiren os artigos anteriores, estableceranse a favor das persoas traballadoras e, de ser o caso, dos seus beneficiarios, os servizos sociais que regulamentariamente se determinen.

Consideraranse incluídos no parágrafo anterior os servizos prestados nas instalacións de benestar social en porto, é dicir, os servizos de hospedaría, así como as seguintes prestacións asistenciais en atención a continxencias e situacións especiais do traballo do mar como consecuencia de naufraxio ou accidente de mar:

- a) Por perda de equipaxe individual.
- b) Por falecemento a bordo ou desaparición.
- c) Por traslado de cadáver.

Os beneficios das hospedarías prestarao o Instituto Social da Mariña nas cidades de Ceuta e Melilla e naqueles territorios en que as funcións en materia de servizos sociais non se traspasaron á comunidade autónoma correspondente.

2. A asistencia social poderase conceder nos mesmos supostos e condicións que no réxime xeral.

CAPÍTULO V

Infraccións e sancións en materia de seguridade social

Artigo 36. *Infraccións e sancións.*

En materia de infraccións e sancións observarase o disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social e no texto refundido da Lei sobre Infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

CAPÍTULO VI

Aplicación das normas xerais do sistema

Artigo 37. *Dereito supletorio.*

No non previsto expresamente nesta lei observarase o disposto no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como nas disposicións que se diten para a súa aplicación e desenvolvemento.

TÍTULO II

Protección social específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro

CAPÍTULO I

Ámbito subxectivo de aplicación

Artigo 38. *Beneficiarios.*

Serán beneficiarias das prestacións e servizos específicos que se regulan neste título, no ámbito do Instituto Social da Mariña, as persoas que desenvolvan a súa actividade no sector marítimo-pesqueiro, encadradas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, así como aquelas que, non estando encadradas no dito réxime especial, pretendan desenvolver unha actividade laboral no sector marítimo-pesqueiro.

CAPÍTULO II

Prestacións e servizos específicos para o sector marítimo-pesqueiro

Artigo 39. *Sanidade marítima.*

Os servizos de sanidade marítima comprenderán, polo menos, os seguintes aspectos:

a) A realización de recoñecementos médicos de embarque marítimo de acordo coa normativa española específica e cos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España, que teñen como obxectivo garantir que as condicións psicofísicas do solicitante sexan compatibles coas características do posto de traballo e non supoñan perigo para a saúde e seguridade do individuo nin do resto da tripulación, así como a realización daqueles outros recoñecementos médicos que se determinen con base na normativa española propia ou derivada de convenios internacionais ratificados por España e que sexan precisos para actividades relacionadas co sector marítimo-pesqueiro.

Estes recoñecementos médicos practicaranse nos centros de sanidade marítima das direccións provinciais e locais do Instituto Social da Mariña.

b) A inspección das condicións sanitarias das embarcacións, incluíndo o control dos equipamentos de primeiros auxilios a bordo, que realizará o persoal sanitario do Instituto Social da Mariña no marco da normativa española específica e da derivada de convenios internacionais ratificados por España.

Realizarase igualmente o control dos equipamentos de primeiros auxilios de que deben ir dotados os buques como instrumento de apoio á prescripción realizada polo facultativo a través da consulta radio médica, tendo en conta factores tales como o tipo de buque, o número de persoas a bordo, a índole, destino e duración das viaxes, as clases de actividades que se vaian efectuar durante a viaxe, as características do cargamento e o número de persoas traballadoras a bordo. Poderanse articular procedementos de concesión de subvencións para financiar en parte a dotación obrigatoria dos ditos equipamentos de primeiros auxilios de a bordo.

c) O desenvolvemento de actuacións en materia de protección, promoción e mellora da saúde laboral, incluíndo a vixilancia da saúde das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, de acordo co establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e a súa normativa de desenvolvemento, e calquera outra actuación de medicamento preventivo no ámbito laboral, dirixida ao sector, que se lle poida encomendar no futuro ao Instituto Social da Mariña.

Artigo 40. *Servizos asistenciais.*

1. Estableceranse a favor dos beneficiarios recollidos no artigo 38 os servizos asistenciais seguintes:

a) Asistencia no estranxeiro para o sostemento e a repatriación de persoas traballadoras do mar en caso de abandono, apresamento, naufraxio ou feito análogo.

b) Asistencia ás persoas traballadoras do mar transeúntes, nacionais ou estranxeiras, en territorio nacional, que o necesiten como consecuencia de naufraxio, accidente ou calquera outra causa xustificada.

Estes servizos prestarao o Instituto Social da Mariña nas cidades de Ceuta e Melilla e naqueles territorios en que as funcións en materia de servizos sociais non se traspasasen á comunidade autónoma correspondente.

2. Os beneficiarios establecidos no artigo 38, que non estean encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, poderanse beneficiar así mesmo dos servizos regulados no artigo 35 se cumpren os requisitos establecidos para o acceso a eles, aínda que nestes casos os ditos servizos serán financiados conforme o previsto no artigo 48.3.

Artigo 41. *Formación profesional marítima e sanitaria.*

1. O Instituto Social da Mariña, de acordo co previsto nas distintas recomendacións, convenios e directivas tanto da Organización Internacional do Traballo (OIT) como da Unión Europea, en particular da recomendación número 137 da OIT, e en virtude das competencias que ten atribuídas en materia de formación profesional marítima e sanitaria, co fin de atender as demandas e necesidades formativas dos beneficiarios do sector marítimo-pesqueiro, aprobará plans anuais de formación, que se poderán ampliar ou modificar en cada exercicio.

2. Poderán ser beneficiarias da formación profesional marítima e sanitaria do Instituto Social da Mariña todas aquelas persoas que poidan estar interesadas na dita formación para permanecer ou acceder a ocupacións do sector marítimo-pesqueiro, as cales deberán acreditar, no momento de presentación da súa solicitude, os requisitos que se establezan na normativa vixente en cada momento.

3. A formación impartirase nos centros nacionais de formación marítima e nas direccións provinciais ou locais do Instituto Social da Mariña, con medios propios ou contratados cando sexa necesario para levar a cabo a formación.

TÍTULO III

Xestión e réxime económico-financeiro

CAPÍTULO I

Xestión*Artigo 42. Entidade competente.*

1. O Instituto Social da Mariña, como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia de ámbito nacional, que actúa baixo a dirección e tutela do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, está adscrito á Secretaría de Estado da Seguridade Social e ten unha dobre dimensión de competencias: como organismo encargado da atención social do sector marítimo-pesqueiro e como entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

2. O Instituto Social da Mariña desenvolverá a súa actividade en réxime descentralizado, nos diferentes ámbitos territoriais. Gozará, na mesma medida que o Estado, coas limitacións e excepcións que, en cada caso, estableza a lexislación fiscal vixente, de exención tributaria absoluta, incluídos os dereitos e honorarios notariais e rexistras, polos actos que realice ou os bens que adquira ou posúa afectados aos seus fins, sempre que os tributos ou exaccións de que se trate recaian directamente sobre o organismo de referencia en concepto legal de contribuínte e sen que sexa posible legalmente a translación da carga tributaria a outras persoas.

Tamén gozará, na mesma medida que o Estado, de franquía postal e telegráfica.

3. En materia de datos, informes ou antecedentes obtidos polo Instituto Social da Mariña ou subministrados a este no exercicio das súas funcións será de aplicación o previsto nos artigos 66 e 66 bis do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 43. Xestión do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

1. Como entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, corresponde ao Instituto Social da Mariña a xestión, administración e recoñecemento do dereito ás prestacións do dito réxime especial, comprendidas na súa acción protectora regulada no capítulo IV do título I desta lei.

Así mesmo, actuará como entidade colaboradora da Tesouraría Xeral da Seguridade Social en materia de inscrición de empresas, afiliación, altas, baixas e variación de datos das persoas traballadoras adscritas ao citado réxime especial, así como na xestión da cotización e recadación en período voluntario.

2. A colaboración na xestión do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar levarana a cabo as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social, empresas e asociacións, fundacións e entidades públicas e privadas, de acordo co establecido na sección cuarta do capítulo VII do título I do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 44. Xestión da protección social específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Como organismo encargado da protección social específica das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, corresponde ao Instituto Social da Mariña a xestión, administración e recoñecemento do dereito ás prestacións e servizos regulados no título II desta lei.

Para o desenvolvemento da dita xestión colaborará coa Dirección Xeral da Mariña Mercante, coa Secretaría Xeral de Pesca e cos demais organismos relacionados co sector marítimo-pesqueiro.

Artigo 45. *Estrutura organizativa do Instituto Social da Mariña.*

1. O Goberno, por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, regulará a estrutura e as competencias do Instituto Social da Mariña.

2. O Instituto Social da Mariña desenvolverá a súa actividade en réxime descentralizado, nos diferentes ámbitos territoriais.

3. O Instituto Social da Mariña contará, como órganos de participación no control e vixilancia da xestión, cos seguintes:

a) No ámbito nacional:

1.º Consello Xeral.

2.º Comisión executiva do Consello Xeral.

b) No ámbito provincial:

Comisións executivas provinciais.

Artigo 46. *Composición e funcionamento dos órganos de participación na xestión.*

1. A composición e o funcionamento dos órganos de participación no control e vixilancia da xestión, aos cales se refire o artigo anterior, estableceranse regulamentariamente, tendo en conta que entre os seus membros deberán figurar, fundamentalmente por partes iguais, representantes das organizacións sindicais e empresariais máis representativas e da Administración pública, ademais de representantes das corporacións de dereito público do sector marítimo-pesqueiro. A designación de representantes da Administración xeral do Estado realizarase de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

2. O Consello Xeral estará presidido pola persoa titular da Secretaría de Estado da Seguridade Social e a súa comisión executiva, pola persoa titular da Dirección do Instituto Social da Mariña.

CAPÍTULO II

Réxime económico-financeiro

Artigo 47. *Sistema financeiro.*

O sistema financeiro do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar será o previsto na sección segunda do capítulo VIII do título I do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 48. *Recursos xerais.*

1. Os recursos do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar serán os previstos no financiamento do sistema de Seguridade Social recollidos na sección segunda do capítulo VIII do título I do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, incluíndo as taxas e os prezos públicos e aqueles ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e as achegas a título gratuito, que se estea autorizado a percibir.

2. O financiamento da acción protectora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, na súa modalidade non contributiva e universal, así como a determinación da natureza das prestacións, rexeranse polo disposto na sección segunda do capítulo VIII do título I do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

3. De conformidade co disposto no artigo 86.2.b) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, as prestacións e servizos de asistencia sanitaria incluídos na acción protectora da Seguridade Social e os correspondentes aos servizos sociais, xestionados

polo Instituto Social da Mariña, salvo que deriven de accidente de traballo e enfermidade profesional, requirirán dun financiamento do Estado que se incluírá nos orzamentos de cada exercicio económico.

Disposición adicional primeira. *Excepción á incompatibilidade da aplicación de coeficientes correctores da cotización con calquera outra bonificación ou redución.*

Non lles será de aplicación o disposto no artigo 11.5 ás bonificacións que viñesen desfrutando con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gastos de persoal.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Estudo sobre as condicións do traballo dos mergulladores deportivos e recreativos.*

O Goberno, no prazo dun ano, realizará os estudos pertinentes que permitan esclarecer se o traballo desenvolvido polos mergulladores deportivos e recreativos reúne os requisitos necesarios para proceder á inclusión deste colectivo no ámbito de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación de lexislacións anteriores para causar dereito a pensión de xubilación.*

1. Os afiliados en alta no Montepío Marítimo Nacional e nas caixas de previsión dos traballadores portuarios o 1 de agosto de 1970, data de entrada en vigor do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, ou en calquera outra data con anterioridade e que, de acordo coas normas do réxime derogado, teñan dereito a obter a pensión de xubilación a partir dos cincuenta e cinco anos ou sesenta no caso de estibadores portuarios, poderán tamén causar pensión a partir das ditas idades. En tal caso, a porcentaxe de pensión que no novo réxime lles corresponda, de acordo cos seus períodos de cotización, experimentará unha diminución de sete centésimas por cada ano que falte para acadar a idade de xubilación. As fraccións de tempo inferiores ao ano serán rateadas por doceavas partes.

Para efectos do cálculo da porcentaxe de pensión a que se fai referencia no parágrafo anterior ponderaranse, de ser o caso, os coeficientes redutores da idade para causar pensión de xubilación a que se refire o artigo 30 da presente lei.

2. Se por aplicación do disposto no número 1 desta disposición transitoria resultase, nalgún caso, unha porcentaxe inferior á que tería correspondido conforme os estatutos e demais normas vixentes antes da entrada en vigor deste réxime especial, aplicarase esta última porcentaxe.

Disposición transitoria segunda. *Cotizacións efectuadas en anteriores réximes.*

Serán de aplicación a este réxime especial as normas contidas na disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e as ditadas para a súa aplicación e desenvolvemento coas excepcións seguintes:

a) As referencias feitas á data de efectos do réxime xeral ou ao 1 de xaneiro de 1967 entenderanse feitas á de entrada en vigor deste réxime especial, o 1 de agosto de 1970.

b) As referencias feitas ao mutualismo laboral entenderanse efectuadas ao Montepío Marítimo Nacional e ás caixas de previsión dos estibadores portuarios e, correlativamente, as referentes ao Regulamento xeral do mutualismo laboral ás normas reguladoras das citadas caixas e montepíos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas tantas disposicións se opoñan ao establecido na presente lei e, de modo expreso, o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e o Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, pola que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 1867/1970, do 9 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que establece como competencia exclusiva do Estado a lexislación básica e o réxime económico da Seguridade Social.

Exceptúanse do anterior o título III, que resulta só de aplicación directa no ámbito da Administración xeral do Estado, o artigo 39, que se dita ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.16.^a da Constitución lle atribúe ao Estado en materia de bases e a coordinación xeral da sanidade, e o artigo 41, ditado ao abeiro da competencia que o artigo 149.1.7.^a da Constitución lle atribúe ao Estado para ditar a lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o Goberno para ditar as disposicións xerais necesarias para o desenvolvemento do previsto na presente lei.

Disposición derradeira terceira. *Cambio de medición do arqueo das embarcacións.*

En cumprimento da normativa vixente en materia de medición do arqueo das embarcacións, procederase a modificar regulamentariamente a clasificación das persoas traballadoras para todos os efectos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coa excepción do disposto no artigo 3, alíneas b), e), f), i) e j), no artigo 4.1, alíneas a), 1.º, 3.º e 4.º, d), e) e g), no artigo 10 e no artigo 11.5, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

2. A atribución de dereitos, deberes e obrigas inherentes ao encadramento no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, para aqueles colectivos de persoas traballadoras relacionados no capítulo I do título I desta lei que non figurasen incluídos con anterioridade no campo de aplicación do referido réxime estará determinada pola data de entrada en vigor desta lei.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY